



## MANIFESTO POLA XEOGRAFÍA FÍSICA

Este documento vai dirixido á sociedade en xeral para a súa información e ás institucións competentes como demanda para a súa execución.

### CONTEXTO

A Xeografía Física, ciencia milenaria presente dende o arranque da revolución científica, foi evolucionando xunto coas sociedades nas que se desenvolveu, mantendo sempre coma obxecto de estudo a superficie da Terra, os medios naturais, os territorios, as paisaxes, e todo o que neles hai e ocorre, utilizando coma ferramenta principal de análise e síntese os métodos cartográficos, modernamente evolucionados a complexas técnicas de análise espacial coma son a Teledetección e os Sistemas de Información Xeográficos, así como as renovadas técnicas e métodos de campo.

Coa crecente toma de conciencia por parte das sociedades actuais, da responsabilidade humana no cambio climático, ambiental e global e das súas consecuencias, os contidos e métodos desta disciplina e os seus avances van adquirindo un renovado interese público que se percibe no aumento da transferencia dos seus coñecementos ás sociedades nacionais, e tamén ás internacionais a través da Cooperación Internacional Técnica do Desenvolvemento.

Non obstante, é aínda grande o descoñecemento que hai na sociedade española da profesión e dos contidos da Xeografía Física, que aínda son asimilados á pura descrición dos ríos e montes tal coma se ensinaba nas escolas primarias no século XIX.

A Xeografía Física é unha ciencia territorial, integral e integradora que na súa faceta aplicada aporta actualmente os coñecementos e técnicas analíticas e cartográficas, así coma de planificación e xestión territorial, idóneas para previr, combater e mitigar a degradación do medio natural ou a ocorrencia e consecuencias dos riscos naturais –en aumento co CC e CG- especialmente no referente ao cambio climático e as súas consecuencias. Por citar algúns dos seus ámbitos do traballo recentes e dos seus logros no territorio, podemos destacar que, a labor e avances en XF contribúen activamente hoxe na

loita contra a perda de solos e a súa fertilidade, de biodiversidade e xeodiversidade, contra a deforestación e as súas repercusións, os efectos das inundacións e o retroceso das costas, ou no avance na conservación do patrimonio natural a través de propostas de declaración e xestión.

Os intelectuais e xestores, enfróntanse a problemas territoriais sen precedentes, consecuencia do abandono de territorios e medios rurais de interior de da concentración da poboación e as súas actividades nos medios urbanos e no litoral. Os problemas medioambientais que desa desigual ocupación derivan, son combatidos con medidas que van dende a planificación e protección á restauración, medidas que se toman a partir do coñecemento dos procesos e forzas naturais e antropoxénicas que conflúen neses territorios e paisaxes en maior ou menor medida humanizados. Obxecto de especial atención na actualidade son aqueles, humanizados ata o grao de constituír tipos de paisaxes culturais (devesas e cañadas, de trasmochos, de chopos cabeceiros, pastos de sega e dente, oliveiras, bancais e paisaxes aterrazadas), que, ao deixar de utilizarse na maneira tradicional, entran en abandono, degradación e perda. O saber xeográfico físico español está aportando nesta liña novos enfoques integradores coma son os eco-xeomorfolóxicos, no estudo de campos de cultivo abandonados e solos, a xestión integrada de concas hidrográficas, a adopción de criterios socioambientais para xestión adaptable, realización de cartografías multianalíticas aplicadas á xestión de riscos (incendio, inundación, etc.) ou modelos multivariantes de cambio climático.

No marco internacional as aportacións da Xeografía Física española contribúen con grupos e programas, fundamentalmente en campos como son a desertización, a transformación das selvas tropicais, a perda de calidade das augas e solos, transformación das rexións polares, conservación do patrimonio integrado histórico natural, etc.

Os/as profesionais da Xeografía Física tamén traballan directamente para a administración xestora, con investigación aplicada que se erixe en referencia científica para a realización doutros modelos e planificación a futuro e a diferentes escalas dentro de planes de ordenación territorial, planes sectoriais e a planificación local.

## **DIAGNÓSTICO**

Todo o anteriormente exposto ilustra a importancia dos coñecementos xeográficos físicos e xeográficos en xeral nas actuais sociedades do Territorio Español e a necesidade de que estes sigan avanzando e sexan transmitidos eficazmente a todas elas. Pero a realidade é que a Xeografía Física, e en xeral, a Xeografía, están sendo relegadas, ata a súa práctica desaparición, dos currículos da ESO e Bacharelato: evidenciándose nunha eliminación sistemática do nome e dos contidos específicos da

xeografía física da lexislación que ordena e establece o currículo básico da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato dos títulos das unidades didácticas e leccións –onde a expresión Xeografía Física, substitúese por medio natural, medio ambiente e coñecemento do medio, ciencias da Terra e do medio ambiente, ciencias para o mundo contemporáneo, entre outras- e do propio currículo.

Da mesma maneira, na planificación territorial a xeografía física é relegada a favor doutras disciplinas que, sen formación territorial e do medio natural integrado, gozan de competencias legais neste campo.

## DEMANDAS

Por todo o exposto, considerando que a formación secundaria debe proporcionar unha cultura xeral de primeiro nivel e formar persoas e profesionais competentes, éticos e responsables ambiental e socialmente, considerando ademais que a xeografía debe contribuír a dar unha imaxe verídica e global do mundo, e mentres a universidade manteña no seu sistema curricular a rixida e artificial división do coñecemento en ciencias e letras e a localización da XF neste último ámbito, desde o XXF da AXE, demandamos:

- A presenza dunha materia de Xeografía Física con contidos territoriais, de paisaxe e de medio natural no bacharelato de Ciencias entre as materias principais de primeiro, ao mesmo nivel que a *Bioloxía e Xeoloxía* ou, no seu defecto, a reunión dos contidos xeográficos físicos (espaciais, territoriais, integrados, sintéticos) nunha materia de nome *Xeografía Física, Xeoloxía e Bioloxía*; e a inclusión dunha *Xeografía Física*, no segundo curso da modalidade de Ciencias, entre as materias de opción do bloque de materias principais, ao mesmo nivel que a *Bioloxía* e a *Xeoloxía (Ciencias da Terra e do medio ambiente)* nalgúns CCAA).
- Demandamos á súa vez a presenza dunha *Xeografía Física* no bacharelato de Humanidades e Ciencias sociais, que apareza con ese nome e ao mesmo nivel que a Xeografía de segundo, e aporte aos alumnos desa modalidade os coñecementos relativos ao espazo físico, os seus procesos e leis, e a súa relación e interacción profunda coas actividades socioeconómicas e a historia, que contribúa así ademais á formación no respecto polo medio natural.
- Tamén demandamos que a materia principal de primeiro e terceiro de ESO e a principal de opción, de 4º de ESO, *Bioloxía e Xeoloxía*, cambie o seu nome polo de *Xeografía Física, Xeografía e Bioloxía*, sempre que no currículo aparezan temas que son específicos da XF como son o relevo, o clima, a hidroxeografía ou a bioxeografía e que se incida no enfoque territorial, integrado e sintético deses contidos. Ou ben que se introduza unha *Xeografía Física* no currículo de Humanidades e Ciencias sociais.

O colectivo de xeógrafos/as físicos/as, reclama aos organismos e institucións públicas responsables a volta dos contidos espaciais, integrados e sintéticos identificados baixo o nome de Xeografía Física, ás aulas nas ensinanzas secundaria e bacharelato de España e o fortalecemento na comprensión dos procesos territoriais, así coma disciplina de investigación en procesos integrados do medio natural, ordenación e xestión do territorio en xeral e do medio físico natural en particular, agora que a sociedade española ten propostos serios problemas de territorialidade, abandono, sostibilidade das actividades socioeconómicas e de medio ambiente coma o cambio global.